

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	A LAMA
<b>Edificio</b>	Igrexa parroquial de San Paulo de Xende
<b>Dirección</b>	Lugar da Igrexa, 1. 36853
	42.387591 -8.417691
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Edificación relixiosa feita a base de cantaría granítica labrada e escuadrada, de planta rectangular cunha soa nave, e cuberta a dúas augas agás no presbiterio que é a catro augas. Todos os esquinais presentan pináculos.</p> <p>A fachada principal, con pilastras laterias, presenta porta de acceso enmarcada e con arco conopial. Por riba dela un ocelo con derrame interno, dúas fornelas con imaxes pétreas e un reloxos de agullas.</p> <p>O conxunto remata cunha torre espadana en posición central, con balaustrada, dúas alturas e remate en cúpula octogonal.</p> <p>A romaría do Santo Cristo da Agonía celébrase o oitavo domingo despois da Pascoa (domingo de Trindade). É unha das romarías máis importantes da provincia. Aínda que se descoñece a súa antigüidade, algúns historiadores sosteñen que ven dos inicios do século XVII.</p> <p>Os ofrecidos colócanse no interior de cadaleitos abertos para pedir os favores do Santo Cristo.</p> <p>Tamén era tradición a procesión do Santo Encontro onde os veciños de parroquias limítrofes levaban as imaxes da Virxe ata o adro desta igrexa.</p>
<b>Campás</b>	4 campás; 3 na torre-campanario e 1 no muro lateral.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	FRANCO BARROS, Oscar / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	11-03-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Muro da Sancristía.	<a href="#">Menor (Campá da sancristía)</a>		1858		

Torre-campanario	<a href="#">Mediana (I)</a>	<a href="#">PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1863		
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1863		
Torre-campanario	<a href="#">Mediana (2).</a>	<a href="#">FONTÁN E HIJOS</a>	1906		

Información completa: [Igrexa parroquial de San Paulo de Xende - A LAMA \(GALICIA\)](#)

PDF (25-06-2026)